

O Director Xerente de SEAGA, en virtude das facultadas outorgadas polo Consello de Administración da empresa, e de conformidade co establecido no apartado 3 das bases xerais para a selección de persoal temporal da empresa pública de servizos agrarios galegos S.A. , polo sistema de listas previas por categorías, ACORDA:

Primeiro.- Apertura do prazo de actualización de méritos por parte dos integrantes das listas previas e/ou, de ser o caso, dos novos candidatos a ser incluídos nas mesmas.

De acordo co disposto no apartado 2.1.10 das bases xerais para a selección de persoal temporal da empresa pública de servizos agrarios galegos S.A., apertúrase o prazo para a presentación da documentación correspondente á actualización de méritos por parte dos integrantes das listas previas que se relacionan a continuación e/ou, de ser o caso, dos novos candidatos a ser incluídos nas mesmas:

- Licenciado en Veterinaria.
- Operador Codificador.
- Maquinista Conductor.
- Arquitecto Técnico.
- Licenciado en Dereito.
- Xefe de Brigada.
- Peón Especialistas.
- Peón.

Segundo. Documentación a presentar polos interesados.

O proceso de cualificación dos novos candidatos, e actualización de méritos dos integrantes das lista previas, axustarase ao disposto nas bases xerais e bases específicas da correspondente convocatoria para cada categoría profesional:

- No caso de integrantes das listas previas que só desexen actualizar méritos, éstos deberán achegar a documentación acreditativa dos mesmos que se axuste ao recollido nas correspondentes bases específicas para cada categoría profesional.
- No caso de novos candidatos, éstos deberán achegar a documentación que para cada categoría profesional se recolle no apartado “Solicitudes” das correspondentes bases específicas.

A actualización dos méritos serán computables ata o día 30 de setembro do 2008.

No caso dos traballadores que prestaran ou presten servizos en SEAGA, a esa data, a actualización de méritos correspondentes aos períodos traballados nesta empresa efectuarase de oficio por parte de SEAGA.

Terceiro.- Listas previas pechadas.

De acordo co disposto no apartado 2.1.6. das bases xerais que rexen os procesos para a selección de persoal temporal da empresa pública de servizos agrarios galegos S.A, o Director-Xerente de Seaga determina a non apertura para a incorporación de novas solicitudes das restantes categorías que non se mencionan no apartado primeiro da presente resolución.

Non obstante, os integrantes das anteditas listas, poderán presentar documentación acreditativa para a actualización de méritos, axuntándose en todo caso ao recollido nas correspondentes bases específicas para cada categoría profesional.

A actualización dos méritos serán computables ata o día 30 de setembro do 2008.

No caso dos traballadores que prestaran ou presten servizos en SEAGA, a esa data, a actualización de méritos correspondentes aos períodos traballados nesta empresa efectuarase de oficio por parte de SEAGA.

Cuarto.- Presentación de renuncias.

Os integrantes de algunha lista previa que non desexen seguir formando parte da mesma, poderán presentar renuncia escrita ante o Director-Xerente de Seaga, indicando a categoría profesional a que renuncian, no prazo e lugar os que se fai referencia no apartado quinto da presente resolución.

O mesmo prazo rexirá para os candidatos que estando inscritos nalgunha lista previa desexen modificar o ámbito territorial ou perfil profesional.

Quinto. Lugar e prazo de presentación:

As solicitudes ou actualización de méritos dirixiranse ó Director-Xerente de SEAGA, e a súa presentación poderase facer:

- nas oficinas de rexistro de Seaga, sita no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15.890 Santiago de Compostela - A Coruña, de luns a venres, en horario de 9:00h a 14:00h e de 16:00h a 18:00h.

- nas oficinas de rexistro de Seaga, de luns a venres, en horario de 9:00h a 14:00 horas, sitas en:

- Rúa Montero Ríos, nº 24 (Antiga Cámara Agraria), 27002 Lugo

- Rúa do Paseo, nº 22, 1º, 32003 Ourense

- Praza do Teucro, nº 18, 36002 Pontevedra

- nas oficinas do Organismo Estatal de Correos mediante correo certificado con acuse de recibo (debendo, neste caso, no mesmo día de presentación da solicitude, remitir vía Fax, ao número 881 997 192 , acreditación de dita presentación, que comprende tanto o resguardo acreditativo do envío que se entrega o cliente por parte do Organismo Estatal de Correos como a copia do ANEXO I de solicitude ó proceso de selección).

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto entre os días 1 e 15 de outubro de 2.008 (ambos inclusives).

Santiago de Compostela, a 30 de setembro de 2008.

O director xerente de SEAGA, S.A.



Xan-Bautista Cambón Rodríguez